

AVISO IMPORTANTE

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN MATERIA TRIBUTARIA E NOS INGRESOS DE DEREITO PUBLICO E RECIBOS DOS SERVIZOS DO CONCELLO DE AMES CORONAVIRUS COVID-19

En vista da declaración do estado de alarma efectuada polo Goberno a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo (BOE 14 de marzo), para afrontar a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 e tendo en conta o novo Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, (BOE núm. 73 de 18.03.2020) de medidas urxentes extraordinarias, o Concello de Ames ven de aprobar un Decreto coas seguintes **MEDIDAS TRIBUTARIAS** :

1.- **O período voluntario de ingreso** das liquidacións tributarias e de ingresos de dereito público do Concello de Ames e xa notificadas, con vencemento o 20 de marzo, o 5 de abril, ou o 20 de abril, **amplíase ata o 30 de abril de 2020.**

2.- **O período voluntario de ingreso** das seguintes débedas **amplíase ao 30 de abril de 2020:**

Denominación	Fin período voluntario	Ampliación fin período voluntario
Taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, 4º trimestre 2019	07 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa polo saneamento e depuración de augas residuais, 4º trimestre 2019	07 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa pola subministración de auga, 4º trimestre de 2019	07 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral (Bos días, Comedores e Tardes divertidas), decembro 2019	30 de marzo de 2020	30 de abril de 2020
Taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral (Nadal lúdico 2019)	03 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Prezo público pola prestación do servizo das Escolas Infantís municipais, febreiro 2020	07 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, xaneiro 2020	17 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral (Bos días, Comedores e Tardes divertidas), xaneiro 2020	27 de abril de 2020	30 de abril de 2020

3.- O vencemento da cota do 5 de abril correspondente aos **fraccionamentos xa concedidos** polo Concello de Ames, **modifícase ao 30 de abril de 2020**.

4.- **Non se pasarán os recibos daqueles servizos que se atopan suspendidos polo tempo que dure esta suspensión.**

5.- Nos **recibos xa emitidos**, e polo período de suspensión, axustarase a contía no seguinte recibo, estando nesta situación tan só o último recibo emitido ao cobro das escolas infantís de marzo 2020.

6.- Para aqueles servizos nos que **xa se abonou** a cota anual, estudarase a posibilidade de ampliar a prestación do servizo polo mesmo tempo que dure a suspensión.

INFORMACIÓN E CONTACTOS:

Departamento de Tesourería Municipal

Teléfonos de contacto:

Tesourería: 628743752

Correo electrónico: olga.castro@concellodeames.gal

Oficina de recadación municipal (GTT)

Teléfono de contacto: 981884896

Correo electrónico: ames@canaldetributos.com

Servizo Municipal Auga (Espina & Delfín)

Teléfono de contacto: 981890776

Atención ao cliente: 900815015 (gratuíto)

Correo electrónico: ames@espinaydelfin.com

TRIBUTOS DE XESTIÓN DELEGADA NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Para os tributos delegados na Deputación Provincial da Coruña, Imposto de bens inmobles (IBI), Imposto de Actividades Económicas (IAE), Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), Taxa do 1,5, Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU), **deberán poñerse en contacto co Servizo de Recadación da Deputación Provincial da Coruña.**

Servizos Tributarios da Deputación da Coruña

Teléfono de contacto 900132 204 (gratuíto)

Correo electrónico: atencion.tributaria@dacoruna.gal